

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias.

Advertido un erro na páxina 598, na publicación do Decreto que se cita no *Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 12 de xaneiro do 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na disposición adicional primeira, onde di:

«Os postos de traballo comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Protección Civil que a seguir se relacionan, e o persoal funcionario e laboral que na data da constitución da Axencia Galega de Emerxencias os ocupase, adscribiranse á axencia tendo dereito a manter a mesma situación administrativa, antigüidade e grao.

| Código posto | Denominación |
|-------------------------|--|
| PR.C10.00.002.15770.010 | Xefe Servizo Xestión do Sistema Resposta á Emerxencia |
| PR.C10.00.002.15770.030 | Xefe Servizo de Loxística e Tecnoloxía das Emerxencias |
| XU.C05.00.000.15770.102 | Xefe Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia |
| XU.C05.00.000.15770.101 | Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia |
| XU.C05.00.000.15770.100 | Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia» |

Debe dicir: «De conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias, parágrafos b) e c), os postos de traballo comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Protección Civil que a seguir se relacionan, e o persoal funcionario que na data de constitución da Axencia Galega de Emerxencias os ocupase, adscribiranse a axencia tendo dereito a manter a mesma situación administrativa, antigüidade e grao.

| Código posto | Denominación |
|-------------------------|---|
| PR.C10.00.002.15770.010 | Xefe Servizo Xestión do Sistema Resposta á Emerxencia |
| PR.C10.00.002.15770.030 | Xefe Servizo de Loxística e Tecnoloxía das Emerxencias» |

Con respecto aos postos de traballo comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Protección Civil que a seguir se relacionan, e o persoal laboral que na data de constitución da Axencia Galega de Emerxencias os ocupase, a axencia subrógase na posición de empregador.

| Código posto | Denominación |
|-------------------------|---|
| XU.C05.00.000.15770.102 | Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia |
| XU.C05.00.000.15770.101 | Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia |
| XU.C05.00.000.15770.100 | Xefe/a Sala Central de Emerxencias 112 SOS Galicia» |

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

O Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ten por obxecto crear, organizar e regular o funcionamento do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), o cal se instrumenta co fin de dispoñer, de maneira permanente, integrada e actualizada, de toda a información precisa para un axeitado desenvolvemento do sector agro-gandeiro galego e a súa planificación e ordenación, definindo, dese xeito, as características das explotacións agrarias de Galicia.

Os datos rexistrados permitirán determinar as condicións que deben reunir as explotacións agrarias para seren destinatarias preferentes das axudas públicas, garantindo ademais a eficacia do sistema de xestión e control en aplicación da política agraria da Xunta de Galicia.

O seu funcionamento facilitará as relacións entre a administración e as persoas administradas mediante un rexistro veraz e actualizado dos seus datos que permita unha xestión eficaz dos seus intereses.

Así mesmo, o decreto establece a integración do Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias na Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde do 16 de xuño de 1998, o cal constitúese como unha sección específica do Reaga.

Por todo iso, faise necesario establecer os criterios para o axeitado cumprimento deste, estandarizando os procedementos, documentos e datos precisos para a xestión do Reaga, tal e como prevé a disposición derradeira primeira do devandito Decreto 253/2008; ademais de regular determinados aspectos da cualificación e acreditación das explotacións inscritas na sección de explotacións agrarias prioritarias, de acordo co capítulo III do Reaga.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

SECCIÓN PRIMEIRA
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto:

1. Desenvolver o Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de

Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), establecendo os procedementos para a xestión das diferentes seccións do rexistro.

2. Regular a cualificación e acreditación das explotacións inscritas na sección de explotacións agrarias prioritarias, de acordo co capítulo III do Reaga.

SECCIÓN SEGUNDA
XESTIÓN E INSCRICIÓN

Artigo 2º.-*Xestión do Reaga.*

1. A dirección, xestión e coordinación do Reaga corresponderalle á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

2. Inicialmente o rexistro configurarase coa integración, de oficio, segundo o procedemento previsto no artigo 3.1º b) desta orde, nas diferentes seccións de que consta, dos datos necesarios para a inscrición no Reaga das explotacións agrarias da Comunidade Autónoma de Galicia e das persoas titulares que figuran nas diferentes bases de datos oficiais correspondentes aos organismos e unidades dependentes da Consellería do Medio Rural. Os datos integrados serán os indicados no artigo 8 do Decreto 253/2008.

Artigo 3º.-*Procedemento de inscrición no Reaga.*

1. A inscrición no Reaga poderase realizar durante todo o ano:

a) A petición da persoa titular ou persoa representante da explotación agraria, quen presentará debidamente formalizado o documento de solicitude normalizada que figura como anexo I desta orde, xunto coa seguinte documentación:

-Copia cotexada do NIF da persoa titular e, de ser o caso, do NIF das persoas socias.

-Informe da Tesouraría da Seguridade Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta (informe de vida laboral), da persoa titular e persoas socias.

-A documentación referida nos dous parágrafos anteriores tamén deberá ser achegada pola persoa ou persoas que, non sendo titular nin persoa socia, estean vinculadas á explotación e ao seu traballo sexa considerado como unidade de traballo agrario (UTA), de acordo coa definición da mesma do Decreto 253/2008. No caso de explotacións agrarias prioritarias, e en relación coa UTA, terase en conta o referido no artigo 13.3º dese decreto.

-Documento que acredite a alta da persoa titular na actividade agraria emitido polo Ministerio de Economía e Facenda.

-Copia cotexada da declaración do IRPF, da persoa titular e persoas socias, de ser o caso.

-Copia cotexada do documento que acredite a capacitación profesional da persoa titular e persoas socias, de ser o caso.

-Copia cotexada, de ser o caso, do documento de constitución/acta fundacional e estatutos da entidade asociativa.

-Certificación, de ser o caso, do número de persoas socias.

Así mesmo, presentarase a seguinte documentación xustificativa da explotación:

-Referencias das coordenadas do Sistema Integrado de Xestión da PAC (SIXPAC) das parcelas de aproveitamento agrario permanente.

-Relación dos edificios e instalacións agrícolas e gandeiras, así como as referencias SIXPAC das coordenadas onde se sitúan.

b) De oficio: pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, a partir da información existente sobre as persoas titulares e as explotacións agrarias que figuren nas bases de datos da Consellería do Medio Rural. As propostas de inscrición de oficio comunicaranse ás persoas interesadas para a súa ratificación ou, de ser o caso, para a súa formalización ou corrección de datos. A proposta de inscrición entenderase ratificada se, tras a notificación desta, as persoas interesadas non presentan alegacións contra ela no prazo de quince días hábiles.

No caso de inscrición de oficio dunha explotación na sección de Explotacións Agrarias Prioritarias, os datos necesarios que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no capítulo III do Decreto 253/2008 e na Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias deberán estar en poder da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

2. Para proceder á inscrición das explotacións nalguna das seccións do rexistro teranse en conta as definicións do artigo 4 do Decreto 253/2008, que se calcularán e acreditarán dos seguintes xeitos:

a) A renda total da persoa titular da explotación: tal como se indica no artigo 15 do Decreto 253/2008.

b) A condición de persoa agricultora profesional, tal como se indica na epígrafe a) do punto 1º do artigo 14 do Decreto 253/2008.

c) A condición de persoa agricultora a título principal, que será a persoa agricultora profesional que obteña polo menos o 50% da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación e que o tempo de traballo que dedique a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total, que se acreditará mediante fotocopia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio cuxo prazo xa finalizase para a

súa presentación en período voluntario, ou coa media das rendas fiscalmente declaradas como tales por el durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, exceptuando do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais, e así mesmo acreditando co Informe de Vida Laboral da Seguridade Social que polo menos o 50% do seu tempo de traballo o dedique a actividades relacionadas coa explotación.

d) As unidades de traballo agrario (UTA): tal como se indica no punto 3º do artigo 13 do Decreto 253/2008.

e) A renda unitaria de traballo (RUT) tal como se indica no artigo 13 do Decreto 253/2008.

No anexo III desta orde inclúense as marxes brutas e netas, correspondentes ás diversas actividades produtivas, para o cálculo da RUT. Estas marxes manterán a súa vixencia ata que non sexan substituídas por outras. No caso de actividades produtivas que non figuren neste anexo, poderán utilizarse as marxes brutas estándar que figuran na Comunicación da Comisión Europea (2000/C179/01), relativa ás marxes brutas estándar (MBE) (DOCE nº C 179, do 27 de xuño de 2000), ou tamén o solicitante poderá presentar un estudo económico, que será validado/revisado pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias.

3. O documento de solicitude de inscrición e documentación complementaria presentarase na oficina agraria comarcal á que está asignada a explotación, segundo o concello no que se situe, nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural ou en calquera outra oficina administrativa de acordo co establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A oficina agraria comarcal receptora da solicitude de inscrición e documentación complementaria, o Servizo Provincial de Explotacións Agrarias ou a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias poderanlle requirir, consonte o previsto no punto seguinte deste artigo, á persoa solicitante os documentos necesarios para a suficiente acreditación dos datos inscribibles, así coma facer as inspeccións que consideren convenientes para verificar a documentación achegada.

5. Se a solicitude de inscrición non reúne os requisitos sinalados no punto 1 deste artigo, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Este prazo poderá ser ampliado prudencialmente, ata cinco días, por petición da persoa

interesada ou iniciativa do órgano cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

6. De acordo coa disposición transitoria primeira do Decreto 253/2008, as explotacións que á entrada en vigor dese decreto xa estivesen cualificadas como Explotacións Agrarias Prioritarias de Galicia, integranse de oficio no Reaga, na sección de Explotacións Agrarias Prioritarias.

7. A inscrición no rexistro manterá a súa vixencia mentres non se proceda á súa baixa consonte o previsto no artigo 7º desta orde e polas causas especificadas nos puntos 2º e 3º do Decreto 253/2008, sen prexuízo das modificacións que procedan.

8. A Consellería do Medio Rural favorecerá a presentación e tramitación electrónica das solicitudes de inscrición, de acordo co referido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación de procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, así como que non exixirá a fotocopia dos documentos necesarios para a inscrición aos que fai referencia o Decreto 255/2008 e de acordo co referido nos seus artigos 2, 3 e 4, unha vez se cumpra o seu réxime transitorio.

Artigo 4º.-Identificación das explotacións agrarias de Galicia.

1. De acordo co indicado no artigo 9 do Decreto 253/2008, a cada unidade de produción asignaráselle un código de explotación agraria (CEA) cunha numeración que corresponderá co código da provincia, código do municipio e un número correlativo que no caso das explotacións gandeiras será equivalente ao código asignado polo Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, ao abeiro do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

2. No caso de explotacións constituídas por máis dunha unidade de produción, situadas en concellos distintos, asignaráselle ao conxunto destas, o CEA, que actuará como principal, da unidade de produción situada no concello, en función da pertenza a este da fracción maioritaria dos elementos da explotación, a que fai referencia o punto 3º do artigo 4 do Decreto 253/2008. As demais unidades de produción terán un CEA secundario vinculado ao CEA principal e ao CIF/NIF da persoa titular ou cotitulares.

3. De cada CEA estarán vinculados os NIF/CIF das persoas ou entidades titulares, cotitulares, cónxuxes, socias, e persoa ou persoas que, non sendo titular nin persoa socia, estean vinculadas á explotación e o seu traballo sexa considerado como unidade de traballo agrario (UTA), de acordo coa definición da mesma do Decreto 253/2008, e do referido no seu artigo 13.3º.

SECCIÓN TERCEIRA
RESOLUCIÓN

Artigo 5º.-*Resolución.*

1. Unha vez comprobado que a persoa titular ou persoas titulares da explotación sobre a que se inicie o procedemento de inscrición cumpren os requisitos exixidos, e feitas as pertinentes comprobacións, a delegación provincial correspondente da Consellería do Medio Rural elaborará a proposta de aprobación da inscrición, a cal resolverase polo director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias no prazo máximo de 3 meses ordenándose a inscrición da explotación no Reaga, comunicando tal circunstancia á persoa titular ou titulares. No caso de denegación notificaráselle a resolución adoptada sinalando as causas que o motiven.

2. A falta de notificación da resolución en prazo, no suposto de terse iniciado o procedemento por instancia de parte, poderase entender estimatoria da solicitude de inscrición. No caso de que o procedemento se iniciase de oficio pola Administración, a persoa interesada que tivese comparecido poderá entender desestimada a súa pretensión.

3. A resolución non pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrida en alzada ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Se se producise a estimación ou desestimación presunta, este prazo será de tres meses, que comezará a contar ao día seguinte ao que se produzan os efectos do silencio administrativo.

4. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, no caso das explotacións agrarias que obteñan a cualificación de prioritarias o procedemento de tramitación desa cualificación resolverase de acordo co artigo 8º desta orde.

SECCIÓN CUARTA
ACTUALIZACIÓN E BAIXA

Artigo 6º.-*Actualización do rexistro.*

1. O Reaga actualízase dalgún dos seguintes xeitos:

a) A petición da persoa titular, que deberá comunicar no prazo dun mes á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias as modificacións substanciais que se produciron na súa explotación, ás que fai referencia o punto 2º do artigo 10 do Decreto 253/2008, presentando o documento de solicitude normalizada que figura como anexo I desta orde, xunto coa documentación xustificativa desas modificacións substanciais.

b) De oficio: por parte da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, a cal poderá utilizar as bases de datos oficiais da Consellería do

Medio Rural, para manter actualizados os datos do Reaga. Esta actualización farase con periodicidade anual e con trámite de audiencia á persoa interesada, que de non presentar alegacións no prazo outorgado de quince días hábiles, entenderase que expresa a súa conformidade á modificación realizada.

2. Cando por mor destas modificacións unha explotación e/ou a súa persoa titular cumpran os requisitos para estar rexistrada nunha sección distinta da inicialmente rexistrada pasaráselle de oficio á sección que lle corresponda, tras a audiencia da persoa interesada no prazo e cos efectos sinalados na letra b) do punto anterior.

3. Cando a modificación substancial teña como orixe un cambio na titularidade da explotación, presentárase a documentación xustificativa do dito cambio, e utilizarase o modelo do anexo II desta orde, asinado polo antigo e novo titular.

No caso de falecemento do antigo titular, presentárase a documentación xustificativa deste feito, así como a documentación acreditativa da nova titularidade.

Para facer os cambios de titularidade, terase en conta o seguinte:

a) No caso de que o antigo titular tivera contraído compromisos polas diferentes liñas de axudas existentes, o novo deberá subrogarse nestas e acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos para a obtención da axuda pola normativa de aplicación.

b) No caso de explotacións con máis dunha unidade produtiva, deberase indicar se se transmite a totalidade da explotación ou ben soamente algunha unidade produtiva, que en todo caso deberá ser íntegra.

c) As solicitudes de cambio de titularidade poderanse presentar durante todo o ano.

4. Os servizos provinciais de Explotacións Agrarias e a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, directamente, ou a través das oficinas agrarias comarcais poderán realizar, en todo momento, as comprobacións que estimen pertinentes e proceder, se for o caso, ás modificacións correspondentes, ou a proposta de baixa motivada pola desaparición da explotación, de acordo co artigo 7, tras a audiencia, en todo caso, da persoa interesada.

5. Co obxecto de facilitar a inscrición e actualización no Reaga, a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias poderá solicitar información a outras administracións sobre afiliación á Seguridade Social e declaración do IRPF, logo de consentimento das persoas titulares, de acordo co disposto nos artigos 6.2º b) e 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 7º.-Baixa no rexistro.

As explotacións inscritas poderán darse de baixa ao longo de todo o ano:

1. Por petición da persoa titular, mediante documento de solicitude normalizada que figura como anexo I desta orde, presentada pola ela mesma ou pola persoa representante, e polas causas establecidas no artigo 11 do Decreto 253/2008.

2. De oficio, de acordo coa información existente nas bases de datos da Consellería do Medio Rural tras o pertinente trámite de audiencia á persoa interesada que, de non presentar alegacións no prazo outorgado de quince días hábiles, entenderase que expresa a súa conformidade á baixa realizada.

SECCIÓN QUINTA

CUALIFICACIÓN E ACREDITACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
PRIORITARIAS*Artigo 8º.-Cualificación das explotacións agrarias prioritarias.*

1. As explotacións agrarias que cumpran os requisitos establecidos no capítulo III do Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e os demais exixidos pola normativa aplicable, obterán a cualificación de prioritarias na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, e inscribíranse na sección de Explotacións Agrarias Prioritarias do Reaga, segundo o procedemento de inscrición reflectido no artigo 3º desta orde.

2. De acordo co establecido na devandita Lei 19/1995, a cualificación da explotación agraria como prioritaria posibilitará a obtención preferente de beneficios, axudas e calquera outra medida de fomento prevista naquela ou noutras normas.

3. Cando o procedemento de cualificación dunha explotación se inicie por petición da persoa interesada, de acordo co artigo 3º desta orde e, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos polos servizos provinciais de Explotacións Agrarias, o delegado provincial correspondente elevará proposta de resolución perante o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, quen resolverá a petición e, se é o caso, cualificará a explotación agraria como prioritaria, e ordenará a súa inscrición de oficio na sección de Explotacións Agrarias Prioritarias do Reaga.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de oficio, por proposta da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, poderá cualificar como prioritaria unha explotación cando, a pesar de non o ter solicitado expresamente, os seus titulares solicitaran axudas nas que, para a súa concesión, estean obrigados a acreditar documentalmente o cumprimento, entre outros, dos requisitos exixidos nesta

orde para ser cualificados como tales ou, tamén, cando a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias teña no seu poder datos suficientes para outorgar tal cualificación. Outorgarase o pertinente trámite de audiencia á persoa interesada que, de non presentar alegacións no prazo outorgado de quince días hábiles, entenderase que expresa a súa conformidade á cualificación realizada.

5. A antedita cualificación como explotación agraria prioritaria seralle comunicada, polo director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, á persoa interesada, e ao órgano competente do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para os efectos da súa inclusión no Catálogo Xeral de Explotacións Prioritarias.

Artigo 9º.-Obrigas das persoas titulares das explotacións cualificadas.

1. As persoas titulares das explotacións prioritarias cualificadas e rexistradas como tales deberanlle comunicar á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, a través dos servizos provinciais de Explotacións Agrarias, todos os cambios que puideran afectarlle á condición de prioritarias, especialmente os relativos á titularidade, dimensión produtiva e man de obra ocupada. Estes cambios terán que ser notificados no prazo máximo dun mes desde que se produzan.

2. No caso de cambios de titularidade, deberá acreditarse, conforme se indica no artigo 3º, se o novo titular desexa manter a condición de prioritaria, para o cal deberá presentar a documentación indicada nos artigos 14 ou 18 do Decreto 253/2008.

Artigo 10º.-Acreditación da cualificación.

A cualificación como explotación prioritaria acreditarase a través de certificación para o efecto expedida polo director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias ou coa súa inclusión no Catálogo Xeral de Explotacións Prioritarias do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO I

| | | | |
|--|--|---|--|
| PROCEDEMENTO INSCRICIÓN NO REGISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR408B | DOCUMENTO DE SOLICITUDE REAGA <input type="checkbox"/> ALTA <input type="checkbox"/> BAIXA <input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN | CATÁLOGO PRIORITARIAS <input type="checkbox"/> ALTA <input type="checkbox"/> BAIXA <input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN |
|--|--|---|--|

1. DATOS DA EXPLOTACIÓN

| | | |
|-------------------------|--------------------------|---------------|
| CEA PPAL. | OFICINA AGRARIA COMARCAL | CODIGO INE |
| LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA | LONXITUDE: UTM (WGS 84) | LATITUDE: |
| ENDEREZO (LUGAR / RÚA) | PARROQUIA | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL |

2. PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN

| | | |
|--------------------------------|--|---------------------------------------|
| TIPO ¹ | CLASE ² | DATA NACEMENTO / CONSTITUCIÓN |
| DATA 1ª INSTALACIÓN | NO CASO DE ENTIDADES XURÍDICAS: Nº DE SOCIOS | Nº DE SOCIOS AP |
| APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL | | NIF / CIF |
| NÚM. S.S. | TIPO ³ | CAPACITACIÓN PROFESIONAL ⁴ |
| ENDEREZO (LUGAR / RÚA) | PROVINCIA | CONCELLO |
| PARROQUIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |
| | | FAX |
| | | CORREO ELECTRÓNICO |

3. PERSOA : CÓNXUXE COTITULAR REPRESENTANTE

| | | |
|-------------------|---|--|
| APELIDOS E NOME | NIF | NÚM. S.S. |
| TIPO ³ | SOLICITA A ALTA COMO COTITULAR DA EXPLOTACIÓN <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | DATA DE ALTA COMO COTITULAR DA EXPLOTACIÓN |

4. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN

| ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS | Clave e concepto (ver páxina seguinte) | | Unidades / Cabezas | Cota / Dereitos |
|-------------------------|---|--|--------------------|-----------------|
| | 1 | | | |
| | 2 | | | |
| | 3 | | | |
| CÓDIGO OTE | MODALIDADE DE ACCESO AO CATÁLOGO ⁵ | | | |

5. TIPO DE PRODUCCIÓN

1. Produción ecolóxica.
 2. Produción integrada.
 3. Produción convencional.
 4. Autoconsumo.

6. RÉXIME DE TENZA DA TERRA

Propiedade has.
 Arrendamento has.
 Comunal has.
 Outras has.

7. MAN DE OBRA (UTA)

Propia:
 Titular/es
 Familiares/socios
 Asalariada:
 Fixa
 Eventual
 Total man de obra

Observacións: (outras CEAS e vínculos, código REGA, ...)



8. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN (CONTINUACIÓN) * no caso de explotacións gandeiras acompañarase anexo complementario

| 8.1. DEDICACIÓN DA TERRA | | | | 8.3. GANDO | | | |
|--------------------------|---|-----------|-----|--------------------------|---|-------------------------|-----|
| CLAVE | CONCEPTO | HECTÁREAS | | CLAVE | CONCEPTO | UNIDADES | |
| 01 | <input type="checkbox"/> Millo | | | 44 | <input type="checkbox"/> Vacas leite | | |
| 02 | <input type="checkbox"/> Cultivos forraxeiros | | | 45 | <input type="checkbox"/> Xovencas leite | | |
| 03 | <input type="checkbox"/> Pradaría artificial | | | 46 | <input type="checkbox"/> Vacas carne | | |
| 04 | <input type="checkbox"/> Pradaría natural | | | 47 | <input type="checkbox"/> Xovencas carne | | |
| 05 | <input type="checkbox"/> Pasteiros | | | 48 | <input type="checkbox"/> Xatos ceba | | |
| 06 | <input type="checkbox"/> Pataca | | | 49 | <input type="checkbox"/> Ovellas | | |
| 07 | <input type="checkbox"/> Amorodo | | | 50 | <input type="checkbox"/> Cabras | | |
| 08 | <input type="checkbox"/> Kiwi | | | 51 | <input type="checkbox"/> Eguas | | |
| 09 | <input type="checkbox"/> Outras froiteiras | | | 52 | <input type="checkbox"/> Visóns femias | | |
| 10 | <input type="checkbox"/> Hortalizas aire libre..... | | | 53 | <input type="checkbox"/> Coellas | | |
| 11 | <input type="checkbox"/> Flor aire libre | | | 54 | <input type="checkbox"/> Enxames | | |
| 12 | <input type="checkbox"/> Invernadoiro flor | | | 55 | <input type="checkbox"/> Porcas nai..... | | |
| 13 | <input type="checkbox"/> Invernadoiro hortaliza | | | 56 | <input type="checkbox"/> Porcos ceba | | |
| 14 | <input type="checkbox"/> Viveiros | | | 58 | <input type="checkbox"/> Aves de carne | | |
| 15 | <input type="checkbox"/> Viña preferente | | | 59 | <input type="checkbox"/> Poñedoras | | |
| 16 | <input type="checkbox"/> Viña non preferente..... | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| 20 | S.A.U. TOTAL | | | 8.4. INSTALACIÓNS | | | |
| CLAVE | CONCEPTO | HECTÁREAS | | CLAVE | CONCEPTO | Uds. / Superf. / Volume | ANO |
| 21 | <input type="checkbox"/> Monte baixo..... | | | 32 | <input type="checkbox"/> Tanque frío | | |
| 22 | <input type="checkbox"/> Monte alto | | | 33 | <input type="checkbox"/> Muxidura en sala | | |
| 23 | <input type="checkbox"/> Forestal | | | 34 | <input type="checkbox"/> Muxidura en praza | | |
| 24 | SUPERFICIE TOTAL | | | 61 | <input type="checkbox"/> m ² recría xovencas | | |
| | | | | 64 | <input type="checkbox"/> m ² patio exercicio | | |
| | | | | 65 | <input type="checkbox"/> m ² sala muxidura | | |
| | | | | 66 | <input type="checkbox"/> m ² leitería | | |
| | | | | 68 | <input type="checkbox"/> m ² curro | | |
| | | | | 69 | <input type="checkbox"/> m ² cebo xatos..... | | |
| | | | | 70 | <input type="checkbox"/> m ² invernadoiros | | |
| | | | | 71 | <input type="checkbox"/> m ³ silo | | |
| | | | | 73 | <input type="checkbox"/> m ³ fosa xurro | | |
| | | | | 74 | <input type="checkbox"/> m ² almacén | | |
| | | | | 75 | <input type="checkbox"/> ml cerca fixa | | |
| | | | | 76 | <input type="checkbox"/> ml camiño | | |
| | | | | 81 | <input type="checkbox"/> outras instalacións | | |
| | | | | 82 | <input type="checkbox"/> m ² nave industrial | | |
| | | | | 84 | <input type="checkbox"/> m ² construc. vacas leite ... | | |
| | | | | 85 | <input type="checkbox"/> m ² construc. vacas carne ... | | |
| | | | | 86 | <input type="checkbox"/> m ² construc. porcino | | |
| | | | | 87 | <input type="checkbox"/> m ² construc. coellos | | |
| | | | | 89 | <input type="checkbox"/> m ² construc. visóns | | |
| | | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| | | | | | <input type="checkbox"/> | | |
| CLAVE | CONCEPTO | UNIDADES | ANO | | | | |
| 25 | <input type="checkbox"/> Tractor < 40 CV..... | | | | | | |
| 26 | <input type="checkbox"/> Tractor >= 40 CV | | | | | | |
| 27 | <input type="checkbox"/> Colleitora forraxeira | | | | | | |
| 28 | <input type="checkbox"/> Empacadora | | | | | | |
| 29 | <input type="checkbox"/> Motosegadora | | | | | | |
| 30 | <input type="checkbox"/> Autocargador | | | | | | |
| 31 | <input type="checkbox"/> Cisterna xurro | | | | | | |
| 35 | <input type="checkbox"/> Remolque | | | | | | |
| 37 | <input type="checkbox"/> Fertilizadora..... | | | | | | |
| 38 | <input type="checkbox"/> Sementadora | | | | | | |
| 39 | <input type="checkbox"/> Segadora rotativa | | | | | | |
| 40 | <input type="checkbox"/> Outras máquinas | | | | | | |
| 41 | <input type="checkbox"/> Arrincadora de patacas | | | | | | |
| 42 | <input type="checkbox"/> Angazo mecánico de herba | | | | | | |
| 43 | <input type="checkbox"/> Sementadora de patacas | | | | | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | | | |
| | <input type="checkbox"/> | | | | | | |



9. ÍNDICE DA RENDA UNITARIA DE TRABALLO E RENDA DE REFERENCIA (no caso de explotación prioritaria)

Renda de referencia para o ano 20

Renda unitaria de traballo = $\frac{\text{Marxe neta} + \text{salarios}}{\text{UTA}}$ =

$\frac{\text{Renda unitaria de traballo}}{\text{Renda de referencia}}$ =

10. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- Copia cotexada do NIF da persoa titular / cotitular / socios / UTAS (único documento para presentar no caso de autoconsumo).
- Copia cotexada do CIF.
- Informe/s da Tesouraría da Seguridade Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta (informes de vida laboral) da persoa titular / cotitular / socios agricultores profesionais / outras UTAS.
- Copia/s cotexada/s da/s declaración/s do IRPF dos anos
- Alta na actividade agraria no Ministerio de Economía e Facenda (modelo 036-037).
- Xustificante da capacitación profesional
- Copia cotexada do documento de constitución/acta fundacional e estatutos.
- Certificación do número de socios.
- Anexo complementario no caso de explotacións gandeiras.
- Referencias Sixpac das parcelas da explotación.
-

11. COMPROMISOS

Comprométo a comunicarlle á Consellería do Medio Rural os cambios que se poidan producir na explotación tanto a nivel do Reaga como a nivel da cualificación da explotación como prioritaria (de acordo coa sección 5ª da Orde do ----- de 2009, pola que se establecen disposicións para a xestión do Reaga, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias).

12. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

Solicito que no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, se realice/n a/s actuación/s indicada/s e declaro baixo a miña responsabilidade, que todos os datos que anteceden son certos, comprometéndome a cumprir os requisitos establecidos pola normativa de aplicación, así como aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan.

Que de conformidade co previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa presentación desta solicitude queda autorizada a D.X. de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para solicitar os certificados que deberán emitir a Administración Tributaria e a Seguridade Social.

13. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.
- Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.
- Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.
- Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Establecemento de Galiñas Poñedoras.
- Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas.
- Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

En o

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|----------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| | DATA DE EFECTOS |
| | <input type="text"/> |
| | DATA DE SAÍDA |
| | <input type="text"/> |



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ANEXO II

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO CAMBIO DE TITULARIDADE DA EXPLOTACIÓN NO REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR408C | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

1. DATOS DA EXPLOTACIÓN

| | | |
|--|--|--|
| CEA PAL. <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> | CT <input type="checkbox"/> Total <input type="checkbox"/> Parcial | OFICINA AGRARIA COMARCAL <input type="text"/> |
| ENDEREZO (LUGAR / RÚA) <input type="text"/> | | PARROQUIA <input type="text"/> |
| PROVINCIA <input type="text"/> | CONCELLO <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> |

2. PERSOA TITULAR ANTERIOR DA EXPLOTACIÓN

| | |
|--|-----------------------------------|
| APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> | NIF / CIF <input type="text"/> |
|--|-----------------------------------|

3. PERSOA TITULAR ACTUAL DA EXPLOTACIÓN

| | | |
|--|--|---|
| TIPO ¹ <input type="text"/> | CLASE ² <input type="text"/> | DATA NACEMENTO / CONSTITUCIÓN <input type="text"/> |
| DATA 1ª INSTALACIÓN <input type="text"/> | NO CASO DE ENTIDADES XURÍDICAS: Nº DE SOCIOS <input type="text"/> | Nº DE SOCIOS AP <input type="text"/> |
| APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> | | NIF / CIF <input type="text"/> |
| NÚM. S.S. <input type="text"/> | TIPO ³ <input type="text"/> | CAPACITACIÓN PROFESIONAL ⁴ <input type="text"/> |
| ENDEREZO (LUGAR / RÚA) <input type="text"/> | | PROVINCIA <input type="text"/> |
| | | CONCELLO <input type="text"/> |
| PARROQUIA <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | TELÉFONO FIKO <input type="text"/> |
| | | TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> |
| | | FAX <input type="text"/> |
| | | CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> |

4. PERSOA : CÓNXUXE COTITULAR REPRESENTANTE

| | | |
|---|---|--|
| APELIDOS E NOME <input type="text"/> | NIF <input type="text"/> | NÚM. S.S. <input type="text"/> |
| TIPO ³ <input type="text"/> | SOLICITA A ALTA COMO COTITULAR DA EXPLOTACIÓN <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | DATA DE ALTA COMO COTITULAR DA EXPLOTACIÓN <input type="text"/> |

5. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN

| | Clave e concepto ⁵ | Unidades/cabezas | Cota/dereitos |
|-------------------------|-------------------------------|----------------------|----------------------|
| ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS | 1 <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| | 2 <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| | 3 <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

6. MAN DE OBRA (UTA)

| | |
|-------------------|----------------------|
| Propia: | |
| Titular/es | <input type="text"/> |
| Familiares/socios | <input type="text"/> |
| Asalariada: | |
| Fixa | <input type="text"/> |
| Eventual | <input type="text"/> |
| Total man de obra | <input type="text"/> |

7. MOTIVO DO CAMBIO

| |
|--|
| <input type="checkbox"/> Xubilación |
| <input type="checkbox"/> Cesamento anticipado |
| <input type="checkbox"/> Falecemento |
| <input type="checkbox"/> Invalidez |
| <input type="checkbox"/> Fusión |
| <input type="checkbox"/> Outros <input type="text"/> |

8. LIÑAS DE AXUDAS DA EXPLOTACIÓN CON COMPROMISOS

| |
|--|
| Identificación da liña <input type="text"/> |
| <input type="checkbox"/> Transfire a cota láctea <input type="checkbox"/> Transfire dereitos de <input type="text"/> |



9. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

Copia cotexada do NIF da nova persoa titular / cotitular / socios / UTAS.

Copia cotexada do CIF da nova entidade titular.

Informe/s de vida laboral da nova persoa titular / socios AP / outras UTAS da explotación.

Copia/s cotexada/s da/s declaración/s do IRPF dos anos da nova persoa titular / socios AP

Alta na actividade agraria no Ministerio de Economía e Facenda (modelo 036-037) do novo titular.

Xustificante da capacitación profesional da nova persoa titular / socios AP

Copia cotexada do documento de constitución / acta fundacional e estatutos da nova entidade titular.

Certificación do número de socios da nova entidade titular.

Copia da solicitude da transferencia de dereitos

Documentación que acredite o cambio de titularidade (no caso de falecemento ou invalidez)

Certificación dos datos bancarios da nova persoa titular no caso de subrogarse nas axudas.

10. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

Os abaixo asinantes solicitan a tramitación do cambio de titularidade da explotación para todos os efectos, en particular aos do:

Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, aos da campaña de saneamento gandeiro e/ou das

axudas á explotación xestionadas pola Consellería do Medio Rural nas seguintes liñas:

subrogándose nos compromisos adquiridos polo anterior titular no relativo a:

saneamento gandeiro e/ou as axudas citadas,

coa conformidade, se é o caso, do anterior titular. Se a explotación obxecto deste cambio está calificada como prioritaria:

solicita manter a dita condición non desexa manter a dita condición.

A anterior persoa titular e cotitulares e/ou representante: _____ A nova persoa titular e cotitulares e/ou representante: _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

En o

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|----------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| <input type="text"/> | _____ |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| <input type="text"/> | ___/___/___ |
| | DATA DE EFECTOS |
| | ___/___/___ |
| | DATA DE SAÍDA |
| | ___/___/___ |